

### **1.- Bolsas no Instituto de Estudios Fiscales**

---

O *Instituto de Estudios Fiscales* convoca 10 bolsas de formación para titulados universitarios, a fin de contribuír á formación de novos titulados universitarios no exercicio da actividade investigadora en materias relacionadas coa actividade presupostaria e fiscal da Facenda Pública. Dúas das bolsas están dirixidas a licenciados universitarios, ou titulación equivalente, en materias relacionadas Economía, **Estatística** e Informática.

As bolsas concédense por un período de 12 meses, do 9 de xullo de 2012 ata o 8 de xullo de 2013, e poden ser prorrogadas por dous períodos mais de igual duración.

- **Presentación de solicitudes:** ata o 20 de abril de 2012.

Mais información: <http://www.boe.es/boe/dias/2012/03/28/pdfs/BOE-A-2012-4279.pdf>

### **2.- Curso a distancia de Introducción a SAS System**

---

A *Unitat d'Assessorament Estadístic* da Universitat de Girona organza un curso a distancia de **Introducción a SAS System** dirixido a todas aquelas persoas interesadas en ter coñecementos deste programa.

- **Datas:** do 17 de maio ao 7 de xuño de 2012.
- **Profesorado:** Mariona Roige e Natàlia Adell.
- **Requisito:** dispoñer da licenza do programa SAS System 9.1 ou posterior.
- **Inscripción:** ata o 3 de maio de 2012.

Máis información: <http://www.udg.edu/LinkClick.aspx?fileticket=jk2xLTYAwbE%3d&tabid=12542&language=es-ES>

### **3.- Curso de Modelización estatística básica con IBM SPSS**

---

O *Servei d'Estadística Aplicada* da Universitat Autònoma de Barcelona organza un curso de **Modelización estatística básica con SPSS**.

**Datas:** 16, 17, 18 e 19 de abril de 10.00 a 14.00.

Programa do curso:

- Introducción á modelización e modelo de regresión simple.
- ANOVA.
- Modelo Lineal Xeneral.

- Regresión loxística.

Mais información: <http://sct.uab.cat/estadistica/es/content/curso-de-modelizaci%C3%B3n-estad%C3%ADstica-b%C3%A1sica-con-ibm-spss%C2%AE>

#### **4.- VI International Workshop on Spatio-Temporal Modelling**

O centro de Investigación de Matemáticas (Research Centre of Mathematics – CMAT) da Universidade de Miño acolle o **VI International Workshop on Spatio-Temporal Modelling** (METMAVI) do 12 ao 14 de setembro de 2012. O obxectivo desta reunión é promover o desenvolvemento e a aplicación de métodos estatísticos espacio-temporais en diferentes campos relacionados coas Ciencias Medioambientais e as Ciencias da Saúde.

Datas importantes:

- Inscripción reducida: ata o 15 de maio de 2012.
- Envío de resumos: ata o 15 de maio de 2012.
- Aceptación de resumos: 15 de xuño de 2012.

Máis información: <http://www.metma6.com/>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida , s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>